


a volta a Curros en 9 etapas



Outubro 2008

Autoría: Anxo Gómez e Olga Patiño

Maquetación e deseño: Arturo Iglesias

Edita: Concello da Coruña

Colaboran:

Asociación Socio-Pedagóxica Galega
Deputación da Coruña
Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

ISBN: 978-84-95600-61-5

Depósito legal:

A volta a Curros en 9 etapas

A vinculación de Curros á cidade da Coruña, iniciada na súa mocidade e consolidada na homenaxe de 1904, quedou definitivamente establecida en 1908 co enterramento do poeta no cemiterio de Santo Amaro.

Coincidindo co centenario da súa morte, a Consellaría de Cultura e a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña puxeron en marcha unha serie de actividades que se iniciaron o 5 de abril cun Cortexo Cívico desde Santo Amaro ao monumento a Curros nos xardíns coruñeses. Unha viaxe inversa coa que se pretendía simbolizar un camiño que, retornando do espazo onde se agocha a morte, finalizase no monumento que ideou Asorei como símbolo de permanencia e que nos lembra que Curros segue vivo entre nós.

Foron varias as actividades programadas e, sendo todas importantes porque cada unha achega unha forma de ver a Curros, merece destacarse unha exposición itinerante que percorreu cidades e vilas de Galiza e na que, combinando texto, imaxe e son, se ofrecía unha visión temática sobre a obra e a vida de Curros baixo o título *Curros Enríquez. Nación, liberdade e progreso*. Unha representación teatral do *Divino Sainete*, actividades musicais, conferencias e outros actos pretenderon achegar Curros a todos os públicos; un Curros que, por outra parte, sempre foi coñecido do público grazas, sobre todo, á popularidade que alcanzaron as versións musicais dos seus poemas.

Mais non podiamos esquecer un ámbito como o do ensino para divulgar a figura de Curros porque o coñecemento dos nosos escritores e escritoras entre a poboación escolar non só é necesario, senón que é inaprazable por varias razóns:

Primeira, porque a difusión de estereotipos e modelos culturais alleos a nós está amplamente estendida entre a mocidade e os escolares; segunda, porque o sistema educativo galego aínda non logrou incorporar plenamente a realidade que nos circunda. Xustamente por iso, é no sistema literario onde Galiza é un país normal e a sociedade galega unha sociedade normalizada.

Co ánimo de ofertar un material complementario entre os e as escolares realizamos esta unidade didáctica, enmarcada no contexto das actividades do centenario da morte de Curros. Concíbese como unha viaxe de Curros a Galiza e entorno a este tema desenvolvemos algúns dos apartados do Currículo escolar.

Presentamos unha viaxe arredor de Curros cuns destinatarios situados no ensino obrigatorio e coa posibilidade de traballar tanto na clásica versión en papel como a través de internet na bitácula que a AS-PG abriu para recoller algunhas das iniciativas habidas durante este ano (<http://bitaculas.as-pg.com/curros>).

Esperamos que esta unidade sirva para o propósito que marcamos: traballar para que a nosa literatura, a nosa historia e a nosa realidade social sexan coñecidas e estimadas.

a volta a Curros en 9 etapas

A este traballo pódesele chamar unidade didáctica, mais é unha proposta que pretende achegar ideas para traballar a figura de Manuel Curros Enríquez co fin de que esta se perciba como algo que ten relevancia persoal para o alumnado.

Buscamos unha reactualización didáctica do poeta, neste ano centenario da súa morte, desde os últimos presupostos da didáctica da literatura: enfoque comunicativo, animación á lectura e escritura creativa, aprendizaxe cooperativa, etc. para desenvolver as competencias curriculares propias da nosa área (competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender).

Desde o punto de vista metodolóxico e dos contidos propoñemos unha viaxe á figura de Curros na que percorremos o social, o literario, o lingüístico e o político da súa vida e obra. Interésanos o desenvolvemento global da persoa, que o alumnado sexa quen de darlle un sentido propio ao mundo, dentro dun contexto social galego e universal, a través de interaccións propias da nosa realidade, particularmente a través da figura do poeta celanovés.

Intentamos camiñar cara a un ensino da literatura da intencionalidade, dos sentidos, de xeito que o noso alumnado coñeza, reflexione e actualice os seus coñecementos para incorporalos á súa experiencia cultural e vital.

Velaquí a nosa homenaxe a Curros no centenario da súa morte. E velaquí a nosa homenaxe a todos os compañeiros e compañeiras docentes ou aspirantes a docentes que coa súa ilusión, sabedoría e bo facer traballan día a día nas aulas para dignificar e transmitir aos máis novos a nosa lingua e a nosa literatura.

Aquí queda pois, que sexa de proveito e que todos os días celebremos co noso alumnado a figura e a aprendizaxe dos valores que nos ensinou este home do Rexurdimento.

índice

1_ De volta a Curros.

2_ Relatos de viaxes.

3_ Viaxe ás vidas de 1904.

4_ Viaxe en tren.

5_ Regreso ao pasado da mocidade.

6_ Unha viaxe musical.

7_ As viaxes no papel.

8_ Viaxe á lingua e á literatura galegas do XIX.

9_ Última viaxe de Curros a Galiza.

1

de volta a curros

percorrido:

Camiñaremos pola época e a figura de Manuel Curros Enríquez para facermos unha reportaxe xornalística, de xeito que informemos aos lectores e ás lectoras sobre a figura de Manuel Curros Enríquez.

paso a paso...

paso 1:

organizamos os equipos de reporteiros e reporteiras.

Dividide a clase en catro grupos de reporteiros e reporteiras (A, B, C, D). En cada grupo ides traballar un aspecto diferente ligado ao noso autor: A, Datos biográficos; B, Período histórico; C, Poética e obra e D, Movemento literario.

De seguido, create o equipo de redacción da reportaxe. En cada grupo vai un compoñente dun dos equipos A, B, C e D, de xeito que en todos os grupos teremos unha persoa informada sobre a biografía, outra sobre o período histórico, outra sobre a poética e a última sobre o movemento literario. Cada alumno/a dá a súa información ás demais persoas que compoñen o grupo, de maneira que ao final do traballo poderedes facer unha extensa reportaxe de investigación na que todos os equipos debedes dar conta da figura de Curros.

Botade man dos materiais que tedes na vosa biblioteca da clase ou do instituto.

Tamén poderedes consultar outras fontes na rede. Velaquí a páxina dos marcadores sociais de Curros. Poderedes solicitar un contrasinal [informacion@as-pg.com] e se atopades algún lugar, noticia, imaxe etc. interesante non deixedes de engadilo e deixar o voso nome no espazo destinado ás notas.



Curros Enríquez

<http://delicious.com/manuelcurrosenriquez>

The screenshot shows the Delicious website interface. At the top, there are navigation links: "Join Now!", "What's New?", "Learn more", "Help", and "Sign In". Below that is a search bar with the text "Search these bookmarks" and a "Search" button. The main content area displays "manuelcurrosenriquez's Bookmarks" with sub-links for "Bookmarks", "Network", "Tags", and "Subscriptions". There is a search bar for tags with the text "manuelcurrosenriquez" and a "Type a tag" input field. Below this, there are two bookmark entries: "22 AUG 08 Aí vén o maio: Pablo Milanés e Luís Emilio Batallán" and "YouTube - O Vello e o Sapo - Os Tamara". On the right side, there is a "Tags" section with a "Top 10 Tags" list: "biografía" (4), "xerador" (2), "obra" (2), "poemas_musicados" (2), and "100" (2).



Curros de novo



Portada do libro *Aires da miña terra*

a

datos biográficos

- Lugar e data de nacemento.
- Experiencias vitais que poden ter influído na súa obra.
- Actividades ás que se dedicou, ademais da creación literaria.
- Evolución da ideoloxía de Curros.
- Relación coas persoas que marcaron a súa existencia.

b

periodo histórico

- Acontecementos importantes do período histórico no que vive M. Curros Enríquez.
- Principais aspectos políticos, económicos e sociais do período.
- Acontecementos históricos que puideron ter influído directamente na vida e na obra de Curros.
- Voceiros (xornais, revistas etc.) de comunicación na época.
- Convivencia con outros autores desta época.

c

poética e obra

- Obra de Manuel Curros Enríquez
- Cando comeza a dedicarse á literatura? Voceiros (canles de publicación) da súa obra.
- Influencias na súa obra literaria. Temas máis frecuentes.
- Evolución na súa traxectoria. Obras máis destacadas.
- Importancia da súa obra na literatura galega.

d

movemento literario

- Como se relaciona o movemento literario ao que pertence Curros co período histórico no que vive? Como podemos encadrar a Curros neste período?
- Cales son os principais temas da corrente á que pertencen os autores deste momento?
- Cales son os trazos literarios dominantes: lingua, estruturas, temática, etc.?
- Que autores encontramos nesta época? Que semellanzas e diferenzas teñen con Curros?

2

relatos de viaxes

percorrido:

Volvemos de viaxe a Galiza con Curros no ano 1904. Por este motivo enredaremos cos relatos de viaxes e tamén faremos algún camiño pola nosa biografía.

paso a paso

paso 1:

curros regresa a galiza no ano 1904... velai o texto que escribía galo salinas na súa revista para saudar a chegada do celanovés:

Témolo eiquí.

Escribíranos decindo que nos avisaría a súa chegada, pidíndonos unha reserva que respetamos.

Pro Curros, vehemente e apasionado, conocedor do noso carau- te apasionado e vehemente, -porque el e mais nós somos todo corazón e polo corazón temos sufrido penalidades sin conto,- pensou que a alegría da noticia conoceríase nos no sembrante e que esto fose unha revelación que fixese pública a chegada do gran Curros que torna á nosa Galicia dorido do corpo e coa ialma ferida; ansioso de descanso.

E o seu arribo ó porto da Cruña foi silencioso, tristón, misterioso, sin que ninguén se procatase de que o poeta predilecto do pobo gallego; o que na súa lira privilexiada fai vibrar tódolos sonidos; o que os que sinten reputan como o seu ídolo e os que pensan como o seu maestro, atopábase xa entre os seus peisanos, saturoando seus pulmós coas brisas da patria da súa ialma, salaiando polas lembranzas de feitos que non se poiden esquecer, e sintindo nos ollos o tintileo das bágoas que o corazón empurra cando o caudal do pranto é tan copioso que non cabe nel.

(...)

Alma soñadora, altruísta, abnegada, desconoce o individualismo: nasceu pra redentor e acepta o sacrificio, porque nin aínda o consolo ten de que as néboas do olvido envolvan a súa memoria, o que causa a súa máis grande mortificación.

¡Ditoso o que esquece! ¡Desventurádosos que, como Curros e nós, perdonar podemos, olvidar, ¡ai! olvidar non.

Pro, non importa: o noso poeta, cal esquife, gallardo e maxestoso que resiste denodado os bandazos das enritadas ondas da iñorancia, que canto máis nel baten máis práctico o fan pra se



Galo Salinas



Artigo de Galo Salinas en Revista Gallega

defender delas que en folerpas de salitrosa escuma desfanse no madeiramen da obra morta sin dañar o interior, tamén el, coa enteira, a sinceridade, a despreocupación e a tenacidade que son a súa característica, seguirá resistindo os embates da enveixa, mais o seu corazón puro, limpo, inmaculado non se rendirá senón cando o frío da morte paralice as súas palpitacións, e aínda despois desto, a forza do seu latir sentirémolo os que ó presente con el convivimos e a el amamos.

Adhesión ilimitada, infinito cariño, admiración indefinida sentimos polo gallego máis grande dos gallegos contemporáneos, que vén por poucos meses a Galicia a temperar as armas que aló, naquela fragua antillana requeimou consumindo o fósforo cerebral pra ilustrar a moitos que sofren da miopía intelectual.

Cando a Cuba torne vigorizado como nós vivamente o desexamos, xa non se irá solo: con el irá o noso pensamento, a nosa alma; canto queremos e canto ademiramos.

Irmás polas mágoas que en nós fixeron as ingratitudes, sómolo así mesmo polo amor.

Galo Salinas Rodríguez

paso 2:

unha volta polo texto de galo salinas.

■ Lemos e resolvemos as dúbidas.

Facede unha lectura en silencio da noticia. É posíbel que durante a lectura aparezan palabras, expresións, frases, parágrafos, feitos e situacións que non entendades. Coa axuda das vosas/vosos compañeiras/compañeiros e da/do profesora/profesor resolvédeas.

■ Anotade todas aquelas cuestións que tivestes que resolver:

■ Foi preciso revisar o significado dalgunhas palabras? Dedicade un apartado a fichas léxicas no voso caderno.

ficha léxica

■ Palavra descoñecida: significado (contexto)

■ Podes deducir o significado grazas ao contexto?

■ Quen pode axudarche?

■ Consulta no dicionario a súa definición se non estás de todo segura.

■ Se precisas algunha aclaración máis consulta coa/co túa/teu profesora/profesor.



Debuxo de Luís Seoane

Interpretamos o texto de Galo Salinas:

O primeiro que nos di o autor da noticia é "Témolo eiquí". De onde vén Manuel Curros Enríquez?


Redacta de novo o parágrafo 7 do artigo de Galo Salinas ("Pro non importa..."), de maneira que calquera persoa sen ter moitos coñecementos sobre a figura de Curros Enríquez poida comprender o seu contido.

Escribe un título axustado ao contido desta noticia e un subtítulo que condense a información máis significativa.

paso 3:

conectamos co lexlo.

Recorda historias ou contos sobre as viaxes que realizaron e realizan os galegos e as galegas cando volven a Galiza da emigración. Trata de reflectir o dobre punto de vista das persoas que chegan e das que agardan a chegada. Se non coñeces ningunha historia, pregunta ás persoas maiores da túa contorna.



Selección de autores galegos

Despois de ler as vosas historias, pensade: a quen coidades que lle dedicaríades a portada un xornal da vosa cidade/vila/concello... se chegase á vosa localidade?

- Poñede en común o nome das personaxes.
- Que profesións teñen? Cal é o seu sexo? De onde proceden?
- Valoramos os resultados: semellanzas e diferenzas entre as escolas.
- Create con algún deles a portada dunha revista de actualidade. Aquí tedes unha ligazón que vos pode axudar:

<http://beta.magmypic.com/>


paso 4:

convertémonos en escritoras e escritores.

Moitos dos textos que escribimos refírense a cousas que acontecen de xeito excepcional ou a diario.

Houbo sucesos na vida do escritor ourensán que lle inspiraron varios poemas: "Ben chegado", "¡Ai!", "Na morte da miña nai". Cales pensas que foron os motivos polos que os escribiu?

Agora tócvos a vós. É o momento de convertervos en pequenas e pequenos escritores. Pensade en feitos destacados da vosas vidas que vos levarían a escribir un poema.



Compartide coas vosas compañeiras e cos vosos compañeiros cales foron. Seguro que así vos coñeceredes un pouco máis e veredes como non sodes tan diferentes.

Agora, ides escribir o voso poema. Podedes axudarnos daquelas cuestións que aprendestes das vosas lecturas. Como proposta creativa e vangardista lembrámosvos os caligramas. E, como proposta de escritura creativa: en primeiro lugar, escribide un alfabeto do feito importante da vosa vida que ides poetizar. A seguir, pensade nun ritmo e nunha rima e deixade que a vosa man se deslice sobre o papel.

Por exemplo, Mariña escribiu sobre "a súa primeira folga". Primeiro creou un alfabeto:

- A**migos
- B**errar
- C**onsignas, cántigas
- D**ereitos
- E**studantado
- F**olga
- G**alego
- (...)

E despois fixo un significativo poema.

É a vosa quenda.



Esperando para emigrar

"Aquí non nos comemos ningunha letra.

(a ao z)"

Un libro para....

Aprender,

atrapar, berrar,
arrolar, CAMBIAR,
compartir, comprar, cobectar,
comprender, coñectar,
continuar, coñectar,
DESCANSAR, chorar,
carlosear, descubrir,
emocionar,
entender, entretener,
ENSINAR, evocar,
existir, especular,
FANTASEAR,
fascinar, gozar,
investigar, ilustrar,
lembrar, ler, levar,
mellorar, manexar,
mirar, observar,
PENSAR,
pintar, profundizar,
querer, regalar,
respirar, respirar,
rir, saber, SONAR,
traducir, sorrir,
tremer, VIAXAR,
VIVIR, voar, xogar,
zarpar, zugar,

Aprender...

Marcapáxinas

passo 2:

documentámonos sobre a emigración galega e a inmigración a galiza na actualidade.

Partimos dun texto de Curros:

Unha volta polo texto

- En que versos aparecen reflectidos os motivos polos que emigraba a xente?
- Quen son os "donos" aos que se refire Curros no verso 18?
- No poema aparece a palabra "probe". Pensades que o termo pobreza ten as mesmas connotacións hoxe ca na época de Curros? Cal pensades que é a diferenza entre pobreza e necesidade?
- Que queren dicir os versos da última estrofa "Cantádeme un maio / sin bruxas nin demos: / un maio sin segas, / usuras nin preitos (...)".
- Cal era o maio das persoas que emigraban na época de Curros? E das persoas galegas que emigran hoxe?
- Por que pensas que emigra a xente hoxe en día? E ás persoas inmigrantes, que razóns as moven a chegaren á Península Ibérica?

Recentemente, Miguel A. Murado, no libro *Otra idea de Galicia* ofrece unha ollada fresca no tratamento de tópicos sobre as persoas galegas e tamén sobre o tema da emigración. Velaquí un pequeno fragmento.

"Isto fixo que a emigración se dirixise a partir de entón cara ao hemisferio sur. As autoridades arxنتينas fixeran un chamamento para poboar o "novo país". A súa esperanza era que acudisen inmigrantes escandinavos e centroeuropeos, como en Estados Unidos. Mais tiveron que se conformar con centenaes de miles de galegos, sobre todo a partir da fame de 1880, e máis aínda despois de 1904, cando as grandes navais europeas incluíron Coruña e Vigo como rendibles escalas nos traxectos dos seus transatlánticos. O billete era moi caro (250 pesetas en 1913), o que o poñía ao alcance de campesiños con propiedades que vender, e aínda que fose máis humano, seguía a ser penoso. Un pasaxeiro do Poitou contará con horror como se declarara un andazo de varíola en terceira clase. Non só non se aillaran os infectados, senón que os seus colchóns se reutilizaban unha vez que morrían e eran lanzados ao mar. Outro andazo de sarampelo no Orterik matou a máis de medio cento- de nenos en 1911. Non, a viaxe a América non era un cruceiro recreativo. Nun revelador lapso, o anuncio dunha naval publicado na prensa galega di que o seu barco, o Cap Polonio, pode transportar un grande número de "persoas" en "primeira clase" e de "emigrantes" en "terceira". (Tradución de Anxo Gómez)

Miguel A. Murado (2008), *Otra idea de Galicia*, ed. Debate, pp. 125-126.

o maio

*Aquí vén o maio
de froes cuberto...
puxéronse á porta
cantándome os nenos;
5 i os puchos furados
pra min estendendo,
pedíronme crocas
dos meus castiñeiros.*

*Pasai, rapaciños,
10 calados e quedos;
que o que é polo de hoxe
que darvos non teño.
Eu sónvo-lo probe
do pobo gallego:
15 pra min non hai maio,
¡pra min sempre é inverno!...*


*Cando eu me atopare
de donos liberto
i o pan non me quiten
20 trabucos e préstemos,
e como os do abade
frozozan meus éidos,
chegado habrá estonces
o maio que eu quero..*

*25 ¿Queredes castañas
dos meus castiñeiros?...
Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos:
un maio sin segas,
30 usuras nin preitos.
sin quintas, nin portas,
nin foros, nin cregos.*



Debuxo de Castelao

Isto lémbra-vos algunha situación que se está a vivir na Península Ibérica na actualidade?



Organizade a clase en catro grupos. Dous grupos investigarán sobre a inmigración galega a comezos do século XX e a inmigración africana á Península Ibérica no século XXI. Lembra-de que ao final desta unidade e nos marcadores sociais tamén tedes referencias bibliográficas de interese). Seleccionade imaxes, textos, testemuños etc. para elaborar cadanseu mural.

paso 3:


debalemos sobre a inmigración na actualidade.

O debate é unha actividade oral, formal e planificada. As persoas que participan nos debates convócanse para defender as súas posicións sobre un tema determinado e saben que deben respectar unha serie de normas que permiten o seu adecuado desenvolvemento. Estas normas afectan:

- Ao coñecemento do tema sobre o que se vai falar.
- Ao xeito de falar en público.
- Ao xeito de comportarse coas outras persoas participantes e ante o público.

Redactade un breve conxunto de normas (entre cinco e dez) que regulen o funcionamento dun debate. Estas normas serán do tipo:

"As persoas participantes dun debate deberán / non deberán..."



Escribide varios temas que se tratarían nun debate sobre a emigración e que posicións se poden defender en cada caso.

	Posición A	Posición B
Tema 1:		
Tema 2:		

Agora toca representar o debate. Cada quen de vós terá un rol e preparará a fondo o seu papel no debate.



Embarque de emigrantes no porto da Coruña

4

viaxe en tren

percorrido:

Achegámonos aos medios de transporte do XIX, sobre todo ao tren, medio de locomoción que Curros escolle para un dos seus poemas de máis sona e tamén para os personaxes d' *O divino sainete*, a súa outra grande obra en galego.

paso a paso...

paso 1:

escollemos o medio de transporte.

E para vós, cal sería o voso medio de transporte preferido?

■ Escribídlle un poema ao medio de locomoción que escollestes. Xa vos damos o primeiro verso de cada estrofa. Se o considerades, poderdes cambiar a disposición formal dos versos.


Velaí vén, velaí vén avantando

Por onde ela/el pasa

Velaí vén, velaí vén, tan oupada/oupado,

Tras dela/del non veñen

Imaxe do tren chegando a Ourense



Ao igual que fixestes vós, Curros cantoulle á chegada a Ourense da primeira locomotora:

NA CHEGADA A OURENSE DA PRIMEIRA LOCOMOTORA

I

Velaí vén, velaí vén avantando
cómaros e corgas, e vales, e cerros.
¡Vinde vela, mociños e mozas!
¡Saludaina, rapaces e vellos!

5 Por onde ela pasa
fecunda os terreos,
espértanse os homes,
frolecen os eidos.

10 Velaí vén, velaí vén, tan oupada,
tan milagrosiña, con paso tan meigo,
que parece unha Nosa Señora,
unha Nosa Señora de ferro.

15 Tras dela non veñen
abades nin cregos;
mais vén a fartura
¡i a luz i o progreso!


II

20 Catedral, demagogo de pedra,
dun pobo fanático erguida no medio,
repinica esas chocas campanas
en sinal de alegría e contento.

Asocia esas voces
ó son dos pandeiros,
¡ás santas surrisas
de terras e ceos!

25 E ti, río dos grandes destinos,
que os himnos ensaias dos trunfos ibéricos,
requeimáda-las fauces de sede
vén o monstro a beber no teu seo.

30 Bon samaritano,
dálle auga ó sedento;
que a máquena é o Cristo
dos tempos modernos.



Tren en Galiza

passo 2:

unha volta polo texto.

- Que pensa o poeta que traerá a chegada do tren a Ourense/Galiza?
- No poema aparecen simbolizados o progreso e o atraso. En que elementos podeades localizar isto?
- Escribide as palabras do campo semántico da relixión que haxa no poema:
- Na sociedade actual, que simboliza para vós o atraso?

Agora tócovos a vós. Lede ao resto dos compañeiros o poema que compuxestes no Paso 1. Comentade de xeito oral os poemas que escribistes:

- Cal é o medio de locomoción ao que lle dedicades a vosa composición?
- Con que actividades da vosa realidade o relacionadas?
- Predomina algún campo semántico? Que relación estableceades entre o campo semántico e o que queredes transmitir?

passo 3:

como está o tren hoxe en día en galiza? escribimoslle unha carta a un xornal dando a nosa opinión.

■ Trasladádevos á aula de informática. Buscade na hemeroteca de diferentes xornais noticias sobre a chegada do tren de alta velocidade (AVE) a Galiza.

- Lembraide que podeades usar os nosos marcadores dixitais

<http://del.icio.us/manuelcurrosenriquez/prensa>



Tren de alta velocidade

■ Despois de lerdes as noticias, elaborade nun documento de texto un esquema no que recollades as seguintes ideas:

- O AVE na Península Ibérica (inicios e desenvolvemento)
- A chegada do AVE a Galiza (datas, presupostos, comparación coa chegada a outros lugares da Península etc.).
- Aspectos negativos do tren de alta velocidade (estrutura concibida desde o centralismo, impacto medioambiental, futuro das liñas de proximidade do país e outros).
- Aspectos positivos (conexión con outros lugares da Península e outros)

Os textos de opinión escritos polos lectores e polas lectoras reciben o nome de "Cartas ao director". Neste espazo os lectores e as lectoras (individual ou colectivamente) denuncian, comentan, aclaran ou rectifican, defenden e acusan cuestións ou temas da vida diaria ou de actualidade. Canto ao seu contido, á hora de planificar a carta debemos ter en conta: o tema, a finalidade que perseguimos coa súa publicación.

Elabore un borrador da vosa carta na que mostredes a vosa opinión sobre "os beneficios e prexuízos da chegada do AVE a Galiza comparándoos coa chegada do tren no século XIX". Lembrádevos de revisar o texto en todos os seus aspectos: cuestións ortográficas, formais e de redacción.

Copiade a carta nun procesador de textos e volvede revisala. Enviade ao longo destes días as vosas cartas aos diferentes xornais que consultastes.

paso 4:

collemos outro tren, o d'o divino sainele.

A relixión e o tren mestúranse na súa outra grande obra, *O divino sainele*; este é un resumo do seu argumento:

Curros, nunha fría noite de Nadal en Madrid, atopa a Santa Compañía e ao escritor F. Añón, que forma parte da mesma. Comezan unha peregrinación a Roma en tren; Añón vai guiar a Curros a cada un dos sete vagóns, que representan os sete pecados capitais: preguiza, envexa, ira, gula, soberbia, luxuria e avaricia. Ao chegaren a Roma vense co Papa, León XIII, ao que convencen para que deixe o seu cargo e as riquezas da Igrexa e volva á caridade cristiá.

Dividide a clase en sete grupos. O profesor ou a profesora vaivos entregar unha tarxeta cun pecado capital.

Aventurade unha definición para ese pecado.

Buscade nun dicionario todos os significados para ese pecado.

A seguir, o profesor ou a profesora entregaravos a cada grupo un folio cunha estrofa de tres versos do canto onde aparece o voso pecado. Por exemplo:

-¿Quen son? - Sonche os Preguiceiros,
que vindo tarde ó traballo
queren cobrar os primeiros.

De xeito individual, e sen que ningún membro do grupo vexa o que escribides, engadídelle tres versos.

Cada vez que un compañeiro ou unha compañeira escriba a súa tríade debe dobrar o folio e pasarlle o texto á seguinte persoa do grupo (de xeito que, cando vos toque de escribir a vosa tríade só podedes ver o texto da persoa anterior).

Rematamos cando todas as persoas do grupo escribiron a súa tríade.

Unha vez rematen todos os grupos realizamos unha lectura dramatizada do texto.



Portada da obra *O divino sainele*



Debuxo de Castelao para o álbum *Nós*

5

regreso ao pasado da mocidade

percorrido:

Cantas veces lle escoitastes aos maiores da vosa familia a coñecida frase de que antes a xuventude non era así e que eles cando eran mozos e mozas bla, bla bla... Pois ímonos de viaxe ao tempo de Curros; como facían os rapaces e rapazas para poder saír? Había discotecas?...

paso a paso...

paso 1:

imos ler un fragmento da historia da vida colíá en Galicia. séculos XIX e XX, de Xavier Castro.


"Nas aldeas, ata que había petición non podían andar soas as parellas. Despois liberalizábase algo a cousa, porque se entendía que axiña haberían casar. De todos os xeitos, se querían podían facer por verse, e mesmo manter relacións sexuais ás agachadas; oportunidades non faltaban, por fóra da casa ou mesmo no contorno dela, aproveitando algún momento no que a vixilancia familiar se relaxaba. En efecto, en ocasións a parella quedaba soa parrafeando na cociña ou nalgunha outra dependencia da casa, aínda que había que dar por descontado que a nai, algunha tía ou irmán estarían rondando por alí, á espreita. Nunha ocasión, estaba de parrafeo unha rapaza, "que era moi cariñosa e fácil de amañar", na compañía do seu galán, nas escaleiras interiores da casa, e o irmán, veña, que "non nos deixaba en paz". Dende a cociña, chamaba a berros pola irmá, mesturándoos con xuramentos: "Consuelo, vén para dentro, me cago en...". Consuelo respondíalle: "Xa vou", pero quedaba co rapaz. E o outro veña en teimar a chamala, ata que ela rematou por facerlle caso, co cal se lle torceu o plan ó mozo.

Nas cidades de antano, as oportunidades para as parellas de escapar ó férreo control familiar -en particular nos medios mesocráticos e elevados-, encarnado na figura da carabina, eran sensiblemente menores.

Cando unha señorita de por que saía á rúa, debía acompañala unha doncela, ou a poder ser unha persoa da familia: unha irmá ou mesmo un irmán pequeno. Carlos Velo evoca nas súas lembranzas a Carmiña, da que xa fixemos mención, unha rapaza fina do barrio ourensán de A Ponte, que andaba sempre pola rúa na compañía da súa criada, coa que ía de ganche-te; mesmo cando acudía a clase, de xeito que non tiña que levar ela mesma os cadernos escolares. Volvía logo a recollela á saída. Nos anos vinte existía como profesión a dama de compañía, que podía desempeñar moi ben a función de carabina. Unha muller, que ofrecía os seus servizos nun periódico da época primorriverista, cobraba 2 pesetas diarias polo desempeño. O seu traballo consistía en acompañar a unha señorita solteira, xa que non era concibible que saíse soa de paseo, a misa ou ó teatro. (...)



Imaxe de campesiños en Galiza a comezos do século pasado



Portada de *Historia da vida cotiá en Galicia*

No cortexo urbano, se non mediaba unha presentación formal, era corrente que o pretendente encetara o proceso mediante o envío dunha nota ou **carta de declaración**, á rapaza cuxa man pretendía, dando a coñecer as súas intencións (cuidando que pareceran honestas) e louvando de paso -isto era preceptivo neste xénero de literatura- os seus irresistibles engados. Para tal cometido adoptaba valerse dos servizos da criada da nena, pois se recorría ó servizo postal podería alertar ós seus pais, que mesmo a poderían interceptar (poucas nais respectaban daquela a privacidade das súas fillas)."

CASTRO, Xavier (2007): *Historia da vida cotiá en Galicia*, eds. Nigratrea, Vigo, pp. 245-246.

Unha volta polo texto...

- En galego temos varias letras que son representadas por diferentes sons. Buscade no texto letras que teñan diferente representación fonética segundo a súa concorrencia na palabra.
- Nas palabras *declaración* e *servizo* atopamos solucións diferentes, mais propias na súa terminación. Formulade unha regra. Despois, confirmádeas coa vosa profesora ou co voso profesor.
- Explicade o significado das palabras e expresións subliñadas.
- E, agora, atrevédevos e contade o caso que lle aconteceu a unha moza da cidade á que súa nai lle interceptou unha carta dun mozo da aldea.
- Facede memoria e recordade algunha historia na que a relación de parella resultaba imposible por condicionamentos de tipo social.
- Imaxinade que unha persoa está namorada doutra, vai cambiar de residencia e non se atreve a dicirllo. De que maneiras podería declararse? Coa vosa compañeira ou co voso compañeiro, argumentade a mellor maneira de contarllo. Comentade en voz alta para ver que propostas elixiron as outras parellas da clase.
- E a vós, que tipo de declaración vos gustaría recibir da persoa que queredes? Doce, divertida, romántica, directa, creativa, apaixonada. Redactádeas.

paso 2:

un poema románico de curros.

Preparade en voz baixa, por parellas, a lectura do poema "Cántiga", de Curros.

- Que unha persoa de vós lle lea á outra o poema: sen ter en conta nin a puntuación, nin a estrutura das estrofas nin o significado das palabras.
- Comentade que sensación vos causa.
- Subliñade as palabras (verbos, adverbios etc.) e as secuencias (substantivos co seu adxectivos, series de versos etc.) máis significativas do poema. Lédeas de xeito que resaltades o seu significado.
- Estabeleced as pausas de entoación no poema. Fixádevos en que tipo de pausas resultan ao final do poema.

■ No poema "Cántiga" podemos escoitar varias voces. Diferenciádeas e, na lectura que preparedes, realizade distintas persoas as voces que aparecen no texto.

■ Lede novamente o poema. Procurade responder coa mellor interpretación que saibades.

"Cántiga"

No xardín unha noite sentada
ó refrexo do branco luar,
unha nena choraba sin trégoas
os desdés dun ingrato galán.
5 I a coitada entre queixas decía:
"Xa no mundo non teño ninguén,
vou morrer e non ven os meus ollos
os olliños do meu doce ben."

Os seus ecos de malenconía
10 camiñaban nas alas do vento,
i o lamento
repetía:
"Vou morrer e non vén o meu ben!"

Lonxe dela de pé sobre a popa
15 dun aleve negreiro vapor,
emigrado, camiño de América
vai o probe, infelís amator.

I ó mirar as xentís anduriñas
cara á terra que deixa cruzar:
20 "¡Quen pudiera dar volta, pensaba,
quen pudiera convosco voar!..."

Mais as aves i o buque fuxían
sin ouír seus amargos lamentos;
solo os ventos
25 repetían:
"¡Quen pudiera convosco voar!"

Noites craras, de aromas e lúa,
desde entón ¡que tristeza en vós hai
prós que viron chorar unha nena,
30 prós que viron un barco marchar!...

Dun amor celestial, verdadeiro,
quedou solo, de bágoas a proba,
unha cova
nun outeiro
35 i on cadavre no fondo do mar.

Podedes gravar as lecturas e subilas ao blog da vosa aula (explicámosvos como crealo no paso 3). No espazo de marcaadores tedes varias ferramentas coas que podedes subir as vosas gravacións ao blog da aula. Buscade nos "tags": "xerador" e "podcast"

<http://del.icio.us/manuelcurrosenriquez/xerador+podcast>

The image shows two sheet music covers for the Galician song "Unha Noite na Eira do Trigo". The top cover is for the original version, with lyrics by Curros Enríquez and music by Alonso Salgado. It includes a musical score for the first line of the song. The bottom cover is for a version titled "UN DIA NA EIRA DO TRIGO", also with lyrics by Curros Enríquez and music by Alonso Salgado. It is published by Anselmo Lopez Y Cia., S. en C. in Havana.

paso 3: abrimos un blog

Na biblioteca do instituto e nos nosos marcadores sociais

<http://del.icio.us.com/manuelcurrosenriquez/poetas>

podedes atopar numerosos poemas que cantan ao amor nas súas diferentes variábeis. Entre todas as persoas da clase elaborade unha antoloxía de poesía con poemas que teñan esta temática.

Abride un blog en colaboración coa profesora ou co profesor que vos sirva de portal de textos para todo o curso. Se vos parece interesante, mesmo podedes propoñerlle a todo o profesorado de lingua e literatura do voso centro que o use para a súa materia co seu alumnado. Colgade os textos que seleccionedes e poñédelle voz e música coas ferramentas que xa coñecedes.

■ Para abrir un blog e facer un podcast (subir o recitado dun poema ao blog): <http://del.icio.us.com/manuelcurrosenriquez/titorias>

Para dar a coñecer o voso blog podedes convocar recitais en diferentes puntos do instituto.

Elaborade tarxetas postais e carteis convidando ás vosas compañeiras e aos vosos compañeiros de instituto. As primeiras convocatorias debes cubrilas entre vós e buscar a complicitade de persoas do centro con todo tipo de funcións. Buscade tamén colaboración para facer as gravacións de audio e vídeo.

Unha vez que empece a funcionar o blog, difundide información sobre o sitio e as gravacións.

Sorprendédevos e sorprendede á xente recitando poesía! Se a cousa funciona podedes organizar lecturas un día á semana.

<http://bitaculas.as-pg.com/curros/>

Logo: **as.pg** ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

Centenario de Curros Enríquez

Bitáculas da AS-PG Weblog Entrar

xov **05** | **Curros en 54 Rúas**
xuño 08

A [Fundación](#) Curros Enríquez convida a concellos de toda Galicia a recitar simultaneamente a primeira composición do escritor celanovés, "Unha noite na eira do trigo", nas rúas que levan o seu nome [[Ler máis](#)]

Publicado por Administrador @ 22:39 [Comentarios \[0\]](#)

« outubro 2008

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Hoxe

LIGAZÓNS

mér **04** | **O Divino Sainete, de Curros Enríquez, polo grupo de teatro "Achádego", de Lugo**
xuño 08

6

unha viaxe musical


percorrido:

Na etapa anterior lemos o poema de Curros, "Cántiga", con seguridade, un dos textos da nosa poesía que máis se chegou a popularizar, grazas a que foi musicado e versionado por moitos intérpretes e grupos. Faremos nesta viaxe un percorrido desde a nosa música tradicional até a música galega actual, que resumiremos nun tríptico elaborado por todos nós.

paso a paso...

paso 1:

a poesía de curros musicada.



Imaxe dun músico medieval

Sabemos que a lírica xorde como apoio a unha instrumentalización, aínda que só conservamos as partituras dunhas poucas cantigas medievais (das cinco cantigas de Martín Códax ou das Cantigas de Santa María de Afonso X). Tamén é rico e de gran vitalidade o folclore de Nadal (panxoliñas, aninovos e reis) que se mantiveron cantadas con acompañamento de gaita, tamboril, pandeiro e cunchas desde o século XV até finais do século XIX.

A lírica inclúe as obras nas que un autor expresa o seu mundo de sentimentos.

A propia palabra lírica remite tamén á orixe do xénero en composicións escritas en Grecia para seren cantadas con lira.

Máis adiante foron os músicos os que aproveitaron as letras dos poetas e inspiráronse nas mesmas para as súas composicións. Curros foi neste aspecto un poeta de grande éxito.

■ Por parellas, investigade que poemas de Manuel Curros Enríquez foron máis adaptados musicalmente.

■ Buscade cales aparecen na fonoteca do voso centro de ensino ou do voso Concello. Informádevos sobre o sistema de préstamo na fonoteca.

■ Localizade en internet as referencias musicais que atopades sobre Curros.

■ Escollede dous poemas dos que aparecen musicados. Lédeos en voz alta e despois escoitade as diferentes versións que atopastes. Que recursos literarios foron adaptados para as composicións musicais?



Fragmento da partitura do himno

pasO 2:

de músicos e músicas.

No XIX, o símbolo da nosa tradición musical eran os gaiteiros. Á súa figura dedicoulle Curros un poema "O gaiteiro".

Unha volta polo texto

Prepárate a lectura do poema de xeito individual. Na lectura en voz baixa fíxadevos en todos aqueles elementos que provocan un ruído para o recitado.

■ Atendede especialmente aquelas cuestións lingüísticas que hoxe realizaríamos de outro xeito.

■ Hoxe, a conxunción copulativa "e" pronúnciase moi aberta. En moitos casos, escoitamos dicir esta vogal como un "i" cando a súa representación debe ser aberta:

■ Cal é o motivo polo que Curros emprega esta vogal nos seus escritos?

■ Pensades que esa é a mesma causa pola que a escoitamos hoxe?

■ Para mellorar calquera lingua primeiro debemos ser conscientes do nivel de aprendizaxe e uso no que estamos. Comentade co voso profesor posíbeis estratexias para corrixir e mellorar a calidade da vosa lingua. Podedes analizar as diferentes fases da vosa aprendizaxe lingüística para ver en que nivel estades.

■ Que atributos ten o "gaiteiro de Penalta" no poema de Curros?

■ Despois da lectura deste poema, en que consideración coidades que tiña a xente aos gaiteiros?

pasO 3:

organizamos a nosa lonoleca.

■ Organiza mentalmente a túa música e a música que escoitas e ves nas festas, na radio, na prensa, nos centros comerciais, nas televisións, nas webs, en myspaces... Cales son as linguas maioritarias que escoitas?

■ Que espazo ocupa a música galega ou en galego? Organizade en grupos de catro as vosas referencias musicais. Elaborade unha listaxe ao xeito de fichas (como na fonoteca da biblioteca).

■ Podedes facer unha compilación daquelas cancións que máis vos gustaron e editar o voso casete no blog ou na páxina web do centro.

Recursos:

■ <http://del.icio.us/manuelcurrosenriquez/titoriais>

■ <http://www.mixwit.com/>

O GUEITEIRO (fragmento)

"Sempre pol-a vila entraba
Con aquel de señorío."

(Rosalía Castro)

Dendes do Lérez lixeiro
ás veigas que o Miño esmalta,
non houbo no mundo enteiro
máis arrogante gaiteiro

5 que o gaiteiro de PENALTA.

Sempre retorcendo o bozo,
erguida sempre a cabeza,
daba de miralo gozo.

Era un mociño... ¡que mozo!

10 Era unha peza... ¡qué peza!

Despois do tempo pasado
pasado pra non volver,
com' on profeta ispirado,
inda mo parece ver

15 na festa do San Trocado.

Calzón curto, alta monteira,
verde faixa, albo chaleque
i o pano na faltriqueira,
sempre na gaita parleira

20 levaba dourado fleque.

Non houbo home máis cumprido
no mundo, de banda a banda,
nin rapaz máis espilido,
con máis riqueza vestido,

25 nin de condición máis branda.

Prás festas e romarías
chamado, tódolos días
topábase donde queira,
aunque por certas porfías

30 solo tocaba a muiñeira.

Pois, como poucos teimado
cando unha venta lle pega,
xura que, pró seu agrado,
non se ten inda inventado

35 música como a gallega.

paso 4:

redactamos un folleto informativo.

Redactamos un folleto en formato tríptico a dobre páxina para dar a coñecer os poemas musicados de Manuel Curros Enríquez. No folleto debemos indicar cando menos:

- Introducción relación poesía música.
- Escritores e escritoras musicados.
- Poemas e grupos que musicaron a Manuel Curros Enríquez.
- Breves comentarios sobre os grupos e os poemas
- Difusión destes poemas con acceso grauíto: nas fonotecas, en internet e por outras canles.
- Dúas ou tres imaxes que ilustren o folleto.



Gaitero. Cadro de Jaspé Moscoso.

7

as viaxes no papel

percorrido:

Como puidestes comprobar na viaxe anterior, moitas letras que os escritores pasaron ao papel viaxaron finalmente acompañadas de notas musicais, o que axudou a que se popularizasen. Pero, con que intención escribe alguén? Para facerse coñecido? Para gañar cartos? É perigoso ser escritor ou escritora?... Comezamos aquí unha viaxe polo papel...

paso a paso...

paso 1:

a literatura na sociedade.

En moitas etapas da historia distintas manifestacións artísticas foron censuradas. Tamén as obras literarias.

Lembrades o que lle aconteceu a Curros? Repasade a súa biografía. Mesmo moitos anos despois, o seu poema "O maio", musicado por Luís Emilio Batallán, foi censurado.

Nalgunha época sabemos que se chegaron a queimar libros. Manuel Rivas, versionou na súa novela *Os libros arden mal* a queima de libros polos fascistas no 1936 na cidade da Coruña:

"Quo vadis? Pois vou ao lume! Outra *Conquista do pan!*
Cantos levamos de *Conquista do pan?*"

Alza o libro e berra: Máis dos do pan! Facede pan panadeiras! Consegue que se volvan varias caras de sorriso oblicuo. E entón procura a colleita de gargalladas: Ou non está o forno para bolos? Chimpa o libro que cae non como un paralelepípedo, senón a xeito dun fol de concertina. Sobe unha lapa á procura dese ser lixeiro e iso prodúcelle un estímulo. Sente que comeza a entenderse co lume. Que tamén a fogueira se aviva coas súas chanzas. Onde está a xente? Por que non hai máis público? Ten un que facer a festa e mais botar os foguetes.

Que teima co pan! *Xerminal*, veña *Xerminal*, e dálle que revira. Outro *Xerminal* máis ás caldeiras. *Os exhomes*, de Gorka. Para o pobre sempre é noite. *L'art et la revolte*, de Fernando Pe-llou-ti-er. Nunca sabe un onde a ten, monsieur. Biblioteca O Corsario da Coruña. O Corsario? Tortos dende a raíz. E isto? *Nova folga de ventres*. Biblioteca O Sol. Folga de ventres? O caso é non traballar! *A sublevación do Numancia* contada por un dos seus protagonistas. Tipografía Obreira Coruñesa. Acabouse o conto. *Deus, existe?* Biblioteca Aurora. Acabáronse as preguntas, Aurorita! *Os miserábeis*, de Victor Hugo. No inferno non hai miseria! *Madame Bobary*. Adeus, madame Bobiña. E este? *O divino sainete*... Xefe, que facemos con este? Titúlase *O divino sainete*.

Ese é de Curros!, dixo o que estaba ao mando. Sen ter que pensalo, o que admirou ao subordinado.



Expediente do xuízo a Curros



Portada do libro de Manuel Rivas
Os libros arden mal

Eran consultas esporádicas. Non había moita escolma na queima. Os libros eran descargados en moreas ou lanzados ao chou dende as caixas dos vehículos de transporte. Cando algún saía do anonimato, como o rostro que emerxe dunha foxa común, a proclama do seu título a viva voz conferíalle un derradeiro mérito, unha proba decisiva de que o título ao cabo era bo título, pois alí estaba aquel ignorante, el mesmo definírase así, o Paralelepípedo, con certo orgullo, a preguntar por el. Quizá, neste caso, a diferenza doutros que lle merecían comentarios xocosos, a alusión ao divino producíalle un comechume nas mans. El, deica ese intre, non reparaba a fondo no significado dos títulos, senón na súa maior ou menor graza. Non fixera distingos. Así que non era raro que agora pensara que algo habería na casualidade de ir xusto agarrar un que fala do "divino" unido a "sainete". O outro que se refería a Deus para preguntarse se existe, ese xa non tiña dereito a un segundo máis de vida. Mais este, *O divino sainete*, suxería a idea dun riso superior. E el gustaba de rir. Rir tamén do perigo. Era un mozo afouto, mesmo aguerrido. Antes de que se impuxera a sublevación militar, xa el participara cun grupo de pistoleiros adestrados en actos de provocación para crear unha atmosfera de inseguridade na República. Nunha ocasión rebentaran un mitin e unha persoa resultou ferida de bala. Tardou en convencerse de ser o causante. En realidade, nunca se recoñeceu como tal. Estaba desconcertado. No seu xeito de ver, era desproporcionada a cantidade de sangue que pode desprender un home ferido en relación co acto tan simple de apertar un gatillo. Pasaran só uns días e aquilo deixara de ter importancia. Xa non tiña ningunha. Agora nin sequera gañar a guerra era dabondo. A propia idea de guerra resultaba pouco expresiva. Agora xa estaba noutra cousa. Máis aló da guerra.

Manuel Curros Enríquez, si.

O mozo falanxista, a quen o grupo xa identifica co alias do Paralelepípedo, lembra agora o porqué lle soa o nome. A máis grande escultura da cidade está dedicada a ese Curros. Algo faría. Nos xardíns, rodeada por un estanque. Moi perto de alí. Prestoulle atención porque no alto do monumento figura unha muller espida. Erguese no ceo, triunfante, facendo panca no embaite da pedra. Ese si que é un monumento. De non ser polo novo edificio de Correos, a muller podería contemplar o espectáculo da queima. O que dá de si a pedra. Despois, se acorda, aínda había de ir facerlle unha visita. A puta da pedra.

Que? Que fago con este? Vai tamén de arresto domiciliario?

Curtis cavilou que a autoridade daquel a quen consultaban o destino dos libros non só debía proceder do lugar que ocupaba na xerarquía, senón tamén do feito de ser el un home de lecturas. Como se adoita dicir, un home culto. De feito, non deixaba de ler e consultar volumes, mesmo extraídos das fogueiras. Mentres os subordinados executaban a queima, estimulándose con chanzas ou encerrados con títulos odiosos, o xefe movíase agora. De grupo en grupo, andaba tamén a espallar unha consigna polo baixo: Se aparecen exemplares das Sagradas Escrituras, en especial un Novo Testamento, que o avisen sen demora.

Agora engurra o cello.

O divino sainete? Ese ao lume, de primeiro!"

Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, Editorial Xerais. 80-82



Asorey asinando o monumento a Curros

Inauguración do monumento a Curros na Coruña




■ Facede unha lista dos libros e autores que aparecen citados no fragmento anterior. Buscade información sobre o argumento deses libros e a que xénero pertencerían.

■ Aparece citado Curros? E que libro del? Cales son os motivos que aducen para queimalo?

■ Lembrades se alguén vos censurou algunha vez unha película ou a lectura dun libro? Cales pensades que foron os motivos?

■ Buscade *O divino sainete* na biblioteca do voso centro e realizade unha lectura colectiva dalgúns fragmentos. Tirade conclusións dos motivos polos que alguén quereda censuralo ou queimalo.



Portada do libro de Narciso de Gabriel *Ler e escribir en Galicia*

paso 2:

a literatura e a sociedade: lectoras e lectores

No XIX habería máis ou menos porcentaxe de poboación lectora que na actualidade en Galiza? Hoxe lese igual que hai anos? E publicar, publícase da mesma maneira?

Antes de responder, analizade a seguinte táboa sobre poboación alfabetizada en Galiza:

ANO	laxa de allabelización		
	MASCULINA	FEMININA	TOTAL
1860	42,26 %	4,54 %	21,14 %
1877	43,85 %	7,67 %	23,44 %
1887	48,90 %	10,65 %	27,37 %
1900	52,80 %	16,34 %	32,12 %

(Fonte: GABRIEL, N. De, COSTA, A., GONZÁLEZ, M. e RIVAS, S., "O proceso de alfabetización en Galicia (1860-1991)", en Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación, 1 (1997). Tomamos a táboa do libro de COSTA, Antón (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia*, ed. Xerais.

<http://acorunacultura.org/>

Inicio Espazos Espectáculos Exposicións Sobre OUTONARTE: visitas guiadas

Hoxe no Fórum teatro e cinema

Procurar:

■ Hoxe en día, case todas as persoas temos acceso á alfabetización. Mais, pensades que a xente le moito ou pouco?

■ Na actualidade existen novas maneiras de publicar escritos e novas maneiras de acceder á obra dos escritores. Unha das máis actuais é a través das páxinas web e dos blogs de lectura. Estes son algúns dos blogs que vos recomendamos e que podedes consultar na aula de informática do voso centro.

- <http://www.aelg.org>
- <http://www.bvg.com>
- <http://lerenmancomun.blogspot.com>
- <http://librosaeito.blogspot.com>
- <http://bega-horadeler.blogspot.com>
- <http://www.blogoteca.com/literactua>

■ Buscade nalgunha destas webs as páxinas e os blogs dun escritor e dunha escritora. Deixade un comentario sobre a opinión que vos merece o seu blog. Despois, enviade un correo electrónico á vosa profesora ou ao voso profesor e indicádelle que sitios escollestes para ver o voso comentario.

paso 3:

organizamos un parladoiro sobre o leito poético.

■ Os blogs, as páxinas webs sobre literatura, ofrécennos ocasións para reflexionar sobre a literatura. Velaquí un "test de afectividade sobre a literatura e ti" de Séchu Sendé. Despois de o contestardes, falade sobre:

- Que é poesía?
- Como diferenciamos un texto poético doutro que non o é?
- Cal é a finalidade da poesía?
- Quen le poesía? Pensades que ler poesía cambia ás persoas?
- E ler por pracer?
- Que era a poesía para Curros? Buscade en *Aires da miña terra* o poema "¡Crebar as liras!" e analizádeo.

test de afectividade: a literatura e ti

1. Recordas onde coñeciches o último libro do que te namoraches?

- a. Claro.
- b. E ten que ser o último?
- c. Puff...

2. Se o teu mozo ou moza che pide que lle leas un poema...

- a. Que guai.
- b. Prefires outro tipo de vicios...
- c. Cambias de mozo ou moza.

3. É certo que os varóns que len habitualmente teñen mais espermatozoides per capita?

- a. Si.
- b. Non.
- c. Ns. / nc.

4. Que palabra elixirías para rimar nun soneto con poeta?

- a. Peta.
- b. Caldeireta.
- c. Ornitorrinco.

5. Podes facer cola durante unha hora antes de que empecen as rebaixas...

- a. Diante dunha librería.
- b. Diante dunha tenda de roupa.
- c. Nunca.

6. As mulleres len máis que os homes...

- a. Como moitas outras cousas.
- b. Así lles vai (aos homes)
- c. Pero saben menos de fútbol.

7. Que significa en éuscaro "Kulturán sakonago orduan eta askeago"?

- a. Sé cult@ para ser libre.
- b. Quérote, meu amor.
- c. Un pincho de tortilla, por favor.

8. Na túa mesiña de noite non pode faltar...

- a. Un libro.
- b. Condóns.
- c. Unha postal da virxe María.

9. Canto tempo les ao día...

- a. Menos do que gustaría.
- b. Máis do que gustaría.
- c. Máis ou menos.

10. Tiveches algunha experiencia sexual con algún libro na mao?

- a. Si.
- b. Non.
- c. Eink?

8

viaxe á lingua e á literatura galegas do XIX

percorrido:

Acabamos de camiñar na etapa anterior pola literatura en xeral; nesta nova andaina percorreremos unha literatura en particular, a galega, así como a lingua de que se serve, o galego. Un camiño que antes ca nós xa percorreu Curros.

paso a paso...

paso 1:

descubriremos algo do que coñecemos da nosa historia literaria.

■ Elaborade entre toda a clase unha listaxe de escritoras galegas e escritores galegos. Clasificádeos por épocas.

■ Estaba entre os escritores que puxestes na listaxe anterior R. Armada Teijeiro? Pois era un escritor galego do XIX e Curros Enríquez escribiu o prólogo da súa obra *Caldo de Grelos*; este é un fragmento do prólogo:



Ramón Armada Teijeiro

"Mais dise comunmente: escribir en catalán ou en galego, podendo escribir en castelán para que o entendan todos, é unha grande proba de egoísmo. Antes ao contrario, egoísta é o que pretende obrigar ao escritor a empregar a linguaxe oficial imposta, que pode non dominar tanto como a súa, sen fixarse en que cohibe a súa liberdade e en que escribindo en castelán quizais o entendesen todos menos aqueles que máis lle interesa que o entendan. Poderá suceder que os que cultivan os dialectos con preferencia aos idiomas dominantes, expresen neles ideas e conceptos que merezan e deban ser divulgados por todas partes e coñecidos por toda clase de xentes; mais, neste caso, o escritor galego ou catalán, non é máis egoísta que o o alemán ou o francés, que obriga a que os traduzan; e se para traducilos hai que coñecer previamente a linguaxe da rexión para a que escribiron, iso irán gañando a filoloxía e a causa do progreso."

■ Que razóns utiliza Curros para defender o emprego do galego na literatura?

■ A que lingua se refire Curros cando di "linguaxe oficial imposta"?

■ Cales son as diferenzas entre linguas e dialectos? Con que sentido se utiliza aquí a palabra "dialecto"?

■ Poñede adxectivos ao substantivo lingua e asociádeos con algunhas linguas que coñezades.

■ Cales destes adxectivos teñen que ver con trazos propios da lingua e cales coa subxectividade dos seus falantes? Agrupamos no encerado as características subxectivas e con que poden ter que ver.

paso 2:

inimigos literarios

Tivo a literatura galega inimigos? E os nosos escritores? E as nosas escritoras? Existen os prexuízos literarios? Sobre todo isto imos reflexionar nesta andaina. Curros tamén o fixo.

Un texto *d'O divino sainete* que tamén nos fala disto:

" -Dígame, miña señora:
¿É certo que na súa terra
renace a poesía agora?

5 -Boubas que ceiban ó vento
catro soñadores tolos...
¡Non lle hai tal renacemento!

 -Non haberá; mais non quita
pra que Castelar o afirme.
-Xa lle eu tirei da lavita

10 En certa acasión... ¡Ten gracia
eso de chamar poetas
a esas rans da democracia!

 -Non me maltrate ó grande home...
¡El, ó fin, nas apuradas
15 é o que nos dá un pouco nome!


 De alguén sei que, tras de rirse
dil e dos seus ideais,
cando quixo redemirse

20 do olvido, sentouno á mesa,
fíxoo falar... ¡a eso debe
valer o que val e pesa.

 -Se eso que di vai comigo,
mente. Eu brillo con luz propia.
-Morra o conto...-¡Mente, digo!

25 ¡ en demostra de que mente,
faga o favor de ler ise
tomo, e despois escarmente.

30 E de súpeto escoitando
un tumbo, baixei os ollos
e vin a meus pés, rolando,





un libro da nova escola
que cheira a Carulla ás légoas
e fede que apesta a Zola.

35 -¿Convencese?-Estou ferido
polo argumento, que é forte,
mais non estou convencido.

Eu sosteño, e traio probas,
que Galicia esperta; dígao
a autora das Follas Novas.

40 -¡Valente choromiqueira!
Poetas dese feitío
cómpranse a centos na feira.

45 Fai anos que un mala peza
quixo coröala en vida
i eu tireillo da cabeza.

-Agora comprendo o gusto
con que lle rezou pola alma...
-Honrar ós mortos é xusto.

50 -Ese deber todos temos;
pero inda máis xusto acho
que ós vivos non deshonremos.

55 Mais a ilustre padronesa
deixando, pois, astra coido
que de mentala lle pesa.

Diga e perdoe: ¿ises vates
que mostran tantos alentos
para os modernos combates;

60 ises Novos e Labartas,
ises Lagos, esas pelras
que surxen á luz en sartas;

esa xeneración nova
de parleiros rousinoles?...
-Cantan... como Xan da Cova.

65 Non quixen oír máis nada.
-Vámonos, rogueille ó Mestre,
jou fago unha xudiada!"

Unha volta polo texto

- Lede o texto e aproveitade para preguntar todas as palabras, nomes, expresións que vos son alleas.
- Esa personaxe que repudia a nova literatura en galego correspóndese con unha escritora do XIX. Investigade quen era.
- Cales son as pexas que lle pon á literatura galega?
- Aparece esa escritora na vosa listaxe anterior? Por que?
- E, en concreto, que afirma sobre Rosalía de Castro?
- Por certo, cantas mulleres aparecen na vosa listaxe de escritores e escritoras da nosa literatura?

paso 3:

o papel das escritoras na literatura galega.

Así reflectía Rosalía no seu texto "As literatas" como vía a sociedade da súa época ás mulleres escritoras:

"Isto é insoprible para unha persoa que teña algún orgullo literario e algún sentimento de poesía no corazón; mais sobre todo, amiga miña, ti non sabes o que é ser escritora. Selo como Jorge Sand vale algo; mais doutra maneira, ¡que continuo tormento!; pola rúa sinalante constantemente, e non para ben, e por todas partes murmuran de ti. Se vas ao faladoiro e falas de algo do que sabes, se te expresas sequera nunha linguaxe algo correcta, chámante bacharel, din que te escoitas a ti mesma, que o queres saber todo. Se gardas unha prudente reserva, ¡que fatua!, ¡que orgullosa!; desdénaste de falar como non sexa con literatos. Se te fas modesta e por non entrar en disputas vas deixas pasar desapercibida as cuestións que te provocan, ¿onde está o teu talento?; nin sequera sabes entreter á xente cunha amena conversa. Se te agrada a sociedade, pretendes lucirte, queres que se fale de ti, non hai función sen tarasca. Se vives apartada do trato de xentes é que te fas a interesante, estás tola, o teu carácter é atrabiliario e insoprible, pasas o día en deliquios poéticos e a noite contemplando as estrelas, como Don Quijote. As mulleres poñen en relevo até o máis escondido dos teus defectos e os homes non cesan de che dicir sempre que poden que unha muller de talento é unha verdadeira calamidade, que vale máis casar coa burra de Balaam, e que só unha tonta pode facer a felicidade dun mortal varón." (Traducido de Rosalía de Castro, "Las literatas").



Rosalía de Castro

■ A partir deste texto de Rosalía, que ideas inferides que se tiñan no XIX sobre as mulleres escritoras?

■ Pensades que algunha delas segue vixente? Buscade na páxina da Asociación de Escritores en Lingua Galega (que tamén é de escritoras) os sitios web dalgunha das nosas escritoras. Escollede o que máis vos convenza. Enviádelle un correo electrónico á vosa escritora ou deixáde-lle unha mensaxe no apartado de "comentarios". Na mensaxe preguntádelle que pensa ela sobre este tema. Lembra facer unha breve presentación vosa e cal é o motivo do voso correo.



Logotipo da Radiotelevisión galega

■ O de que as mulleres non servían para escribir era un prexuízo, ou aínda segue sendo para algúns? Sobre a literatura tamén existen moitos prexuízos. Imos coñecer algúns facendo un "Barómetro de valores":

■ Precisamos un espazo amplo (patio, corredor, ximnasio).

■ O voso profesor ou a vosa profesora vai traer seis sentenzas sobre os prexuízos literarios. Tamén vós podedes aportar. Nós dámosvos algunha:

"O galego non é unha lingua válida para a narración"

"O mellor libro é o que máis se vende"

"Publicar en galego só vende en Galiza"

■ O profesor/a vai lelas de unha en unha e situarase no medio do espazo.

■ Vós debédesvos posicionar: a favor (no extremo dereito do espazo), en contra (no extremo esquerdo).

■ Non podedes falar durante a actividade, só podedes explicar o voso posicionamento cando a profesora ou o profesor vos dea a palabra.

■ A medida que os compañeiros e as compañeiras vaian falando podedes modificar a vosa posición no espazo (sen falar, só observando). Canto máis vos acheguedes ao lugar no que está situado o profesor ou a profesora menos radicais seredes na vosa postura. Só podedes quedar polo centro dúas veces.

paso 4:

prexuízos lingüísticos

Os prexuízos non só atinxen á literatura, tamén á nosa lingua.

■ Un dos prexuízos sobre a nosa lingua que se escoita habitualmente é que "o galego se está a impoñer". É tal a realidade? Ides facer o seguinte exercicio:

■ De xeito individual, ides cubrir unha quiniela para reflexionardes sobre a situación actual da lingua. En vez de partidos de fútbol, poñemos un ámbito social:

■ se pensades que nel predomina o galego riscades o 1

■ se coidades que o galego e o castelán teñen igual presenza nese ámbito riscades o X

■ se pensades que é o castelán o que predomina riscades o 2

Díptico elaborado polo ENL do CIFP Ánxel Casal - Monte Alto



9

última viaxe de curros a galiza

percorrido:

Chegamos ao final do traxecto. Despois das 8 etapas anteriores, seguro que coñecedes ben a figura de Curros, así que ides rematar facéndolle un recoñecemento: faredes un paseo virtual ou real (ao voso gusto) pola cidade da Coruña, visitando os lugares que foron importantes para el e recitaredes algúns dos seus poemas.

paso a paso...

paso 1:

repasaremos algúns dos recoñecementos que se lle fixeron a curros.

Exposición realizada polo Concello da Coruña con motivo do centenario da súa morte.

Inda ao morrer te mentarán meus beizos

Curros morre o sete de marzo de 1908 na casa de saúde Covadonga, do Centro Asturiano. As primeiras manifestacións de pésame chegan de "El Casino Republicano" (do que Curros era socio honorario), de "Reunión de Artesanos", de "Liga de Amigos" e da "Academia Galega", sendo o presidente Murguía, que tanto recoñecemento mostrou sempre por Curros. A Asociación da Prensa coruñesa e a Academia Galega aportan a idea do traslado dos seus restos para lles dar sepultura na Galiza. O cadáver chegará no vapor Correo que zarpará o día 20 d´A Habana.

O concello d´A Coruña é o primeiro en ofrecer unha tumba definitiva e custeada.

Cortexo fúnebre de Curros



Día 1 de Abril. Ás catro da tarde o vixía de Monte Alto avista o barco e avisa por teléfono. O "Alfonso XII" fondeaba ás cinco e media. Un enorme xentío inundaba o porto. O cadáver foi subido á cuberta e alí se rezou un responso pola súa alma. A bandeira de Cuba, substituída pola bandeira galega, cubría o féretro. Os restos foron levados ao concello, onde os recibiu unha grande multitude.

O 2 de abril, despois de agres discusións sobre se o enterro había de ser católico ou civil, o poeta puido, por fin, descansar no cemiterio coruñés, nunha xornada de multitudinario loito popular. En resposta aos actos oficiais, acórdase celebrar, o día 12 de abril, un acto de protesta contra o enterro católico.

■ A Asociación Cultural Medulio (Ferrol) editou a tarxeta espallada en 1908 por toda Galiza co gallo do traslado dos restos mortais de Curros. Nela aparece Curros na súa visita á tumba de Rosalía no ano 1904.

paso 2:

volvemos ao ano 1904

No ano 1904 Curros recibe unha emotiva homenaxe na cidade da Coruña.

Como puidestes ler na segunda etapa da nosa volta a Curros, o escritor celanovés visita Galiza no ano 1904. Unha data significativa nesta viaxe foi a homenaxe que se lle rendeu na cidade da Coruña, á que sempre tivo unha grande vinculación, o 21 de outubro de 1904. Este é un fragmento do poema que Curros lle dedica ao pobo coruñés na devandita velada:



Tarxeta realizada pola Asociación Cultural Medulio

AO POBO CRUÑÉS

Miñas donas, meus señores,
 que polos papés chamados
 (sempre extremosos comigo)
 vindes honrarme a este acto;
 5 ¡que non saia deste sitio,
 se sei como agradecervos
 tan lisonxeiro agasallo!
 ¿Que fixen eu, ¡voto a min!
 pra merecer estes laudos,
 10 pra que me tratés millor
 que si fora o deputado?
 ¿Trouguen as ágoas á Cruña?
 ¿Levei da Cruña a Santiago
 o ferrocarril directo,
 15 fai medio siglo agardado?

¿Tireivos algún trabuco
 dos que vos están matando?
 ¿Fíxenvos algún camiño,
 anque mesmo for de carro,
 20 i anque mesmo fose a dar
 ás miñas casas de campo?...
 ¿Botei abaixo os Consumos?
 ¿Fundeí tal ves algún Banco
 agrícola, onde se axude
 25 ós que viven do traballo?
 Nada deso. Pois, entoncos,
 ¿que razón hai, nin que diaños
 pra que me enchades o fol
 de ousequios e de regalos?

(Podedes consultalo completo en <http://www.currosenriquez.es/PAGINAS/poemas/poemas.html>).

Unha volta polo texto

■ Esta homenaxe foi preparada por un grupo de homes que eran coñecidos como "A Cova Céltica". Revisade as vosas notas ou documentádevos novamente e escribide unha pequena explicación sobre "A cova céltica". Indicade que persoas andaban por alí, que relación tiñan con Curros, e cal sería o froito máis importante que saíría de aquí (máximo 60 palabras).

■ Preparamos unha presentación dixital por grupos do poema "Ao pobo cruñes".

A primeira parte da actividade podemos realizala na biblioteca ou na aula ordinaria; para a segunda parte precisaremos a aula de informática e un ordenador con paquetes de ofimática básicos (OpenOffice ou Microsoft).

■ Recomendámosvos unha primeira lectura individual para resolverdes calquera tipo de ruído do texto: dúbidas de significado, pronunciación de palabras, etc. Ao final da vosa presentación poderedes engadir un vocabulario sobre este textiño. As dúbidas debedes resolvelas entre vós.

■ Lemos o texto de xeito colectivo. Cada persoa le unha estrofa coa entoación que considere máis adecuada, pensade que é o día da velada e sodes vós os que ledes o texto, mais coa mesma intención ca Curros.

■ Escoitamos o texto e anotamos todo aquilo que debemos ter en conta á hora de recitalo: interrogacións, dúbidas, exclamacións, aliteracións, encabalgamentos...

■ Repetide o poema e traballade os recursos expresivos da voz, os recursos expresivos da lingua e a dicción relacionándoos co contido: a entoación, o ritmo, as pausas, a intensidade ou volume, o ton, a articulación clara dos sons...

■ Gravamos as estrofas e gardamos os arquivos de son (xa vimos nunha etapa anterior como se facía).

■ Poderedes engadir impresións mesturadas a cada estrofa: cores, imaxes, persoas, momentos da vida de Curros, etc.

■ Intercambiamos as impresións do grupo e anotamos as imaxes que buscaríamos para cada estrofa (lembrade momentos da vida de Curros).

Momumento erixido na cidade da Coruña, obra de Francisco Asorey.



■ Repartimos as estrofas e a cada unha poñémoslle unha ou dúas imaxes na mesma folla. Iremos traballar con presentacións dixitais (OpenOffice ou PowerPoint) entón xa podemos preparar as que nos tocan. É moi importante decidir as imaxes que temos que buscar, isto axilizará o proceso e ademais manteremos a unidade da nosa lectura colectiva. Gardade todas as imaxes na mesma carpeta e poñéde-lle o nome da estrofa coa que se corresponde para cando fagamos a montaxe.

■ Á hora de preparar a nosa presentación escollemos un tipo de letra para propor ao resto de compañeiras e compañeiros. Lembra de que a tipografía máis lexíbel é a de letra con paus. Experimentade coa "Garamond" a ver se vos convence.

paso 3:

organizamos o noso recital en recoñecemento á figura de curros.

No ano 2008, o 5 de abril, co gallo do centenario da súa morte, a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña organizou unha marcha cívica, entre o cemiterio de Santo Amaro e o monumento de Asorey a Curros. Agora vós, ides preparar o voso percorrido e o voso recital.

■ Divididos en grupos, seleccionade tres poemas para preparar un recital. Cando fagades a selección de poemas combinade cando menos estes dous criterios:

■ Poemas que vos gusten cando os ledes.

■ Poemas que reflectan algún dos trazos da traxectoria poética e vital de Curros.

■ Escribide no encerado o título de poemas que escollestes. Elixide aqueles que resultaron máis veces escollidos. En caso de que non saia moita variedade facede novas propostas orais.

■ A profesora ou o profesor repartiravos un poema a cada persoa. Non podeades cambialo. Podeades preparalo de xeito individual ou por parellas. Botade man das indicacións coas que traballamos até o de agora para preparar a lectura de poemas.

■ É hora de escoller o percorrido do voso recital:

■ Deseñade por parellas un itinerario pola cidade herculina. Trazade o percorrido polos lugares emblemáticos que debería visitar alguén que queira coñecer o paso de Curros por esta cidade. Botade man do Google Earth: <http://earth.google.com/intl/pt-BR/>

■ Elaborade un documento de texto co itinerario que propoñedes. Indicade cal é o motivo da vosa escolla, e que poema leríades en cada lugar.

■ A seguir centrádevos no voso poema. A profesora ou o profesor proporavos un percorrido a pé polo voso concello. Debatédeo con ela/el. Poñede unha data e hora para que poida asistir moita xente.

Recursos dos que botar man para a ruta virtual:

■ Sala de exposicións virtuais, galería fotográfica...:

<http://www.gogofrog.com>

Podeades ver o tutorial de traballo nos nosos marcadores dixitais:

<http://del.icio.us/manuelcurrosenriquez/titoriais>

■ Presentacións de imaxes, textos e voz:

<http://www.slidestory.com>.

Podeades ver o tutorial de traballo nos nosos marcadores dixitais:

<http://del.icio.us/manuelcurrosenriquez/titoriais>

■ Se non estades moi destros/destros no manexo de presentacións dixitais podeades revisar o tutorial existente nos nosos marcadores sociais:

<http://del.icio.us/manuelcurrosenriquez/presentacions>

■ Tamén podeades subir a presentación á rede. Se vos animades consultade os tutoriais que aparecen nos nosos marcadores dixitais:

<http://del.icio.us/manuelcurrosenriquez/tutoriais>

En colaboración coas profesoras e os profesores de plástica elaborade carteis, postais, follas voandeiras para convidar á xente a participar no acto, pancartas para o día do acto...

Cadaquén de vós, individualmente, debe preparar folliñas voandeiras ou postais co seu poema. Repartirédelos durante o percorrido do acto. Por unha cara estará o poema que ides recitar e pola outra convidaredes ás persoas a que lean poesía, garden a vosa postal, visiten as librarías e a biblioteca, participen dos actos de lectura que se organizan habitualmente no Concello, na biblioteca, os clubs de lectura... contribuiremos a fomentar o gusto pola lectura.



Marcha cívica celebrada na Coruña o 5 de abril de 2008

bibliografía

Edicións da obra do autor manexadas:

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel, *Aires da miña terra*, Edición de Carlos Casares, Galaxia, Vigo, 1975.

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel, *Aires da miña terra*, Edición de Pedro Dono López, AS-PG, A Nosa Terra, Vigo, 1996.

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel, *Aires da miña terra*, Edición de Benito Varela Jácome, Xerais, Vigo, 2001, 3ª.

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel, *O divino sainete*, Edicións do Castro, A Coruña, 1969.

Obras consultadas:


CASARES, Carlos (1996): "A obra literaria de Manuel Curros Enríquez", en *Historia da literatura galega*, AS-PG/A Nosa Terra, Vigo, T. 2, pp. 385-416.

FERREIRO, Celso Emilio (1976)^{2ª}: *Curros Enríquez*, Ediciones Júcar, Madrid.

ROZADOS, Lara (6-12.03.2008): "A pegada xornalística de Curros 100 anos despois da súa morte", en *A Nosa Terra*, Vigo, p.31.

RODRÍGUEZ, Francisco (1995): A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez, *A Nosa Terra*, Vigo.

VVAA (1987): Curros Enríquez. Crebar as liras, *A Nosa Terra*, Vigo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



DEPUTACION DA
CORUÑA
www.dicoruna.es



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura

